



PRESENTACIÓN DO POEMARIO

MAPA.GAL

de **EVA TEIXEIRO**

Participan **EVA TEIXEIRO, SABELA SEOANE E MARISA BARREIRO**

VENRES 14 DE XUÑO DE 2024

20:00 HORAS

CASA DA CULTURA DE VILALBA

O INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS organiza o *venres 14 de xuño, ás 20:00 horas, na Casa da Cultura de Vilalba*, a presentación do poemario “MAPA.GAL”, da profesora e escritora lucense **EVA TEIXEIRO**, quen sobre o libro comenta que “*supón “unha aposta pola palabra, esa matria que habita o silencio, mentres a música da choiva envolve a chaira”*”.

O acto contará coa presenza da propia autora, **Eva Teixeira**, que estará acompañada por **Marisa Barreiro** e **Sabela Seoane**.

Entrada libre ata completar aforo.



EVA TEIXEIRO (Autobiografía-AELG)

Nacín en Lugo, con cerna chairega, a mediados dos 70; as rúas da Milagrosa e o vento da chaira aleitáronme. Dende que teño memoria, agatuñei sobre os papeis, enchéndoo de palabras e debuxos.

'Olvidaríase do pano para limpar os mocos, pero levaba sempre algo para escribir e para ler', di con moita chufa miña mai, aínda hoxe. Meu pai rubricaba o conto cun sorriso.

Sigo na mesma -tamén mocosa-, abondas décadas despois.

O que nos enche a diario, fainos medrar.

Agora son docente con alma de proxelecta.

No meu carro xúnguense a escrita e a imaxe, xaora, máis outras achegas das que son herdeira.

Enlémome con facilidade en propostas artísticas e culturais. Dinme por iso "activista", 'dinamizadora'... Argalleira con grandes compañeir@s, diría eu.

Fágolle as beiras ao mundo das letras dun xeito case minimalista. Estou certa de que os espazos gañan ao seren compartidos, non invadidos.

Publiquei máis na rede que no papel, non foi á mantenta. Son por iso, unha 'case inédita'.

Percorro o mundo da ficción tecendo ás escuras as máis das veces, como moitas devanceiras. De dúas da miña liñaxe collo o nome de cando en vez.

Atopo a liberdade nos formatos curtos.

Se non lese e escribíse, afogaríase.

